

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO



**1. Unha das graves complicacións da anorexia nerviosa é a síndrome de realimentación, cal é o seu principal signo dos que se enumeran a continuación?**

- A) Exceso de tiamina.
- B) Hiper magnesemia.
- C) Hiperpotasemia.
- D) Hipofosfatemia.

**2. ¿Cal é o principio ético polo cal se debe previr ou eliminar o dano do paciente e promover o benestar?**

- A) Beneficencia.
- B) Xustiza.
- C) Non maleficencia.
- D) Autonomía.

**3. Dentro da taxonomía NOC, o dominio V corresponde a:**

- A) Saúde percibida.
- B) Saúde fisiolóxica.
- C) Saúde familiar.
- D) Saúde funcional.

**4. A disciplina que estuda a distancia á que unha persoa tende a colocarse respecto a outra cando interactúa, denomínase:**

- A) Quinésica.
- B) Lingüística.
- C) Relación tempo-espazo.
- D) Proxémica.

**5. Que nome recibe o proxecto ligado aos coidados de enfermaría, cuxo obxectivo é construír un modelo global de calidade de coidados seguros de enfermaría hospitalarios, validado e medido no conxunto dos hospitais do Sistema Nacional de Saúde (SNS)?**

- A) EFQM.
- B) EA.
- C) ENEAS.
- D) SENECA.

**6. Cando o dó se manifesta clinicamente por síntomas somáticos, a que tipo de dó nos referimos?:**

- A) Dó non resolto.
- B) Dó crónico.
- C) Dó fisiolóxico.
- D) Dó enmascarado.

**7. Segundo L. R. Shives, hai unha serie de factores que inflúen no mantemento da saúde mental, sinale a incorrecta:**

- A) Comunicación interpersonal.
- B) Mecanismos de defensa do ego.
- C) Persoas achegadas ou de apoio.
- D) Adherencia ao tratamento farmacolóxico.

**8. A memoria que almacena información de carácter xeral, por exemplo, o significado das palabras, denomínase:**

- A) Memoria operativa.
- B) Memoria episódica.
- C) Memoria semasiolóxica.
- D) Memoria semántica.

**9. Cal dos seguintes son obxectivos da educación para a saúde?**

- A) Modificar comportamentos.
- B) Promover e estimular hábitos saudables.
- C) Cambiar actitudes e condutas negativas.
- D) Todos os anteriores son obxectivos da educación para a saúde.

**10. Sinale a parella falsa de antídoto – tóxico:**

- A) N-acetilcisteína – Ibuprofeno.
- B) Biperideno – Neurolépticos.
- C) Flumazenilo – Benzodiazepinas.
- D) Tiosulfato sódico – Cianuro.

**11. O diagnóstico NANDA Control de impulsos ineficaz pertence ao dominio:**

- A) 1: Promoción da saúde.
- B) 5: Percepción/cognición.
- C) 6: Autopercepción.
- D) 9: Afrontamento/tolerancia ao estrés.

**12. ¿Cal dos seguintes non é un criterio de fragilidade no ancián segundo Linda Fried?**

- A) Perda de peso non intencionada
- B) Disminución da velocidade da marcha
- C) Debilidade muscular
- D) Disminución da memoria a longo prazo

**13. Comprender as crenzas e costumes doutros pobos ou sociedades dende o contexto da súa propia cultura, partindo de que todas as culturas son iguais e ningunha é superior a outra coñécese como:**

- A) Relativismo cultural.
- B) Transculturalidade.
- C) Competencia cultural.
- D) Aculturación.

**14. Ante un doente inconsciente, despois de determinar que non responde e non respira, cal dos seguintes é o próximo paso?**

- A) Iniciar masaxes cardíacas.
- B) Pedir axuda.
- C) Determinar se presenta fibrilación ventricular.
- D) Iniciar con dúas ventilacións.

**15. Sinale a resposta incorrecta en relación ao manexo do paciente axitado:**

- A) O paradigma actual esta a derivar cara á supresión das contencións mecánicas na procura dun enfoque verbal, a través de técnicas de desescalada e unha relación de axuda, co obxectivo de axudar á persoa a calmarse, e formar así, unha sólida alianza terapéutica e un sistema de colaboración para o tratamento da axitación.
- B) O uso do illamento e/ou contención pode ser necesario para evitar danos tanto ao paciente como ao contorno inmediato; non obstante, cómpre reflexionar sobre a necesidade de previr, o máximo posible, a contención mecánica, por considerarse unha técnica de aversión, con alto custe económico e humano.
- C) A atención á saúde mental derivou cara a un modelo comunitario, no cal a adherencia terapéutica e a relación de axuda, entre a persoa e o sistema de saúde mental, son un pilar básico, garante do éxito en calquera tratamento de saúde mental. Este feito fai que o coidado da relación terapéutica sexa vital para a recuperación e rehabilitación da persoa, polo que, ante unha desestabilización da súa enfermidade, debe evitarse na medida do posible, a adopción de medidas involuntarias e de aversión, procurando medidas de consenso e que favorezan unha experiencia positiva.
- D) Historicamente, a contención mecánica (tamén chamada "inmobilización terapéutica"), foi descrita como un método moi seguro e eficiente para calmar a unha persoa axitada na contorna clínica. As últimas evidencias suxiren, que o uso deste procedemento, non está relacionado con riscos físicos e psicolóxicos para a persoa e os profesionais implicados. Está indicado en situacións que atentan contra a integridade das persoas, pero que non deben utilizarse como castigo, nin para o descanso dos profesionais. Antes de realizar este procedemento, non é necesario esgotar todas as posibles vías de contención.

**16. Cal é a ferramenta máis utilizada actualmente para o screening do trastorno do espectro autista?**

- A) WAIS-IV.
- B) WISC-IV.
- C) Cuestionario M-CHAT.
- D) Test de Bender.

**17. Na etapa de finais do século XVIII e do século XIX destaca Philippe Pinel por:**

- A) Acuñar o termo "esquizofrenia".
- B) Liberar aos tolos das cadeas e reivindicar para eles a consideración de enfermos.
- C) Publicar "Do alivio dos pobres".
- D) Fundar unha institución para pacientes mentais chamada "O Retiro".

**18. Indique cal das seguintes afirmacións en relación coa teoría da enfermeira H. Peplau non é correcta:**

- A) A teoría de H. Peplau está influenciada pola psicanálise e baseada na enfermaría psicodinámica. A súa teoría interpersonal incorpora os conceptos de comunicación e relación da teoría interpersonal de Harry Stack Sullivan e céntrase principalmente na relación enfermeira/o paciente.
- B) Un aspecto moi relevante a mencionar nesta teoría é que non se menciona a familia nin a comunidade dentro deste proceso, o que afectaría ao feito de proporcionar unha adecuada rede de apoio para a persoa.
- C) Peplau describe seis papeis de enfermaría diferentes que xorden durante as diferentes fases da relación enfermeira/o paciente: papel de estraño, papel de persoa a quen recorrer, papel docente, papel de líder, papel de substituto e papel de asesoramento.
- D) H. Peplau define o concepto metaparadigmático "saúde" como a inexistencia de malestar físico ou mental e os sentimentos de conformidade e benestar que contribúen a mesma.

**19. En referencia á avaliación da calidade, Avedis Donabedian afirma que a produción de servizos de saúde divídese en tres compoñentes: estrutura, proceso e resultado. Mediante que ferramenta se realiza a avaliación da análise do proceso?:**

- A) Acreditación.
- B) Auditoría.
- C) Eficiencia.
- D) Utilidade.

**20. En canto aos seguintes acontecementos no século XIX relacionados coa enfermaría psiquiátrica, sinala o incorrecto:**

- A) 1880: Primeira escola de enfermaría psiquiátrica en Massachussets.
- B) Linda Richards: primeira enfermeira que promove os cuidados de enfermaría de saúde mental.
- C) Creación e desenvolvemento dos primeiros hospitais psiquiátricos xunto co xurdimento da enfermaría psiquiátrica.
- D) 1845: Primeira escola de enfermeiras psiquiátricas en Alemania.

**21. A síndrome de Tourette, caracterízase por:**

- A) Tics motores e un ou máis tics vocais.
- B) Tics vocais e falta de resposta aos estímulos.
- C) Tics motores simples e ausencia de tics vocais.
- D) Tics motores nas extremidades superiores.

**22. Sinale a resposta falsa con respecto ao aripiprazol:**

- A) Ten unha vida media de 75 horas.
- B) Non produce aumento de prolactina.
- C) Produce elevada sedación.
- D) Non produce aumento de peso.

**23. O programa "CONECTA 72" do Servizo Galego de Saúde foi deseñado co fin de:**

- A) Conseguir que a información sobre as altas hospitalarias de todos os pacientes con calquera patoloxía sexa recibida de forma automática polos profesionais (só de enfermaría) dos centros de saúde.
- B) Mellorar a continuidade asistencial realizando, nas primeiras 72 horas posteriores ao alta, unha consulta telefónica por parte do persoal de enfermaría de atención hospitalaria aos pacientes que foron dados de alta.
- C) Mellorar a comunicación entre o personal de enfermaría de Atención Primaria e o paciente despois da alta hospitalaria, procurando ao mesmo tempo, a integración entre os profesionais de enfermaría dos distintos niveis asistenciais, o que permitirá mellorar a continuidade dos coidados.
- D) Diversificar a práctica asistencial despois da alta.

**24. Sinale cal das seguintes afirmacións relacionadas co suicidio é incorrecta:**

- A) A exposición inadecuada nos medios de comunicación sobre suicidios pode producir un efecto de contaxio ou efecto Werther.
- B) Os medios de comunicación poden ter un efecto protector ou efecto Papageno fronte o suicidio, xa sexa pola non aparición de determinadas noticias, a redución da cantidade de noticias e/ou a mellora da calidade da información.
- C) Segundo a OMS, algunhas das áreas de acción estratéxica para a prevención da conduta suicida son: reducir o acceso a métodos letais, facer participar aos medios de difusión, elaborar e aplicar unha estratexia nacional integral de prevención do suicidio.
- D) SUPRE: programa que lanzou o Ministerio de Sanidade en 2010 para a prevención do suicidio.

**25. As Unidades de Hospitalización Psiquiátrica na Comunidade de Galicia non teñen como función:**

- A) A cobertura e apoio ás situacións de urxencia hospitalaria.
- B) A docencia e a investigación sanitaria en materia de saúde mental.
- C) A rehabilitación e integración comunitaria dos pacientes e facer o seguemento dos casos dados de alta nestas unidades, en colaboración cos profesionais de atención primaria.
- D) O tratamento dos pacientes internados, tendo sempre en conta o principio de continuidade terapéutica e o criterio de alta hospitalaria ao acabar a crise que determinou o ingreso do paciente.

**26. O Pacto Europeo para a Saúde Mental e o Benestar solicita a acción en cinco áreas prioritarias. Sinale a área que non contempla.**

- A) Prevención da depresión e o suicidio.
- B) Coordinación e sistemas de notificación entre países membros da Unión Europea.
- C) Saúde mental dos mozos e educación.
- D) Saúde mental das persoas maiores.

**27. A OMS no seu Plan de Acción Integral sobre Saúde Mental 2013–2030, establece que a prestación de servizos comunitarios de saúde mental debe ter un enfoque:**

- A) Baseado na prevención.
- B) Baseado na promoción.
- C) Baseado na recuperación.
- D) Baseado na atención temperá.

**28. Indica a opción incorrecta en relación cos percentís.**

- A) Indican en que posición se atopa un valor observado con respecto aos demais.
- B) O segundo cuartil correspóndese coa media.
- C) Pódense entender como xeralizacións do concepto de mediana.
- D) Aos percentís 25, 50, 75 chámaselles primeiro, segundo e tercer cuartil.

**29. Non é unha consideración propia da Terapia Electroconvulsiva (TEC) no paciente ancián:**

- A) Indicacións similares a poboación xeral.
- B) O umbral convulsivo adoita ser máis baixo.
- C) En moitas ocasións presenta menor risco de complicacións que a farmacoterapia.
- D) É recomendable considerar a técnica en función do estado cognitivo.

**30. Sinala a afirmación correcta en canto ao Trastorno Bipolar e relacionados segundo o DSM-5:**

- A) O trastorno bipolar I require un episodio depresivo previo para o seu diagnóstico.
- B) O trastorno bipolar II require polo menos un episodio depresivo previo e polo menos un maníaco para o seu diagnóstico.
- C) O especificador de "ciclo rápido" utilízase cando a persoa ten tres ou máis episodios de manía ou depresión nun ano.
- D) O trastorno ciclotímico inclúe episodios hipomaníacos e depresivos que non cumpren criterios para trastorno bipolar ou depresivo maior.

**31. Dentro do capítulo dos Trastornos da Conduta Alimentaria do DSM-5 está recollido o Trastorno de evitación/restrición da inxesta de alimentos (TERIA). Neste trastorno apréciase unha perda de interese por comer que se pon de manifesto polo fracaso persistente para cumprir as adecuadas necesidades nutritivas e/ou enerxéticas, asociado a un (ou máis) dos feitos seguintes, excepto:**

- A) Perda de peso significativa (ou fracaso para alcanzar o aumento de peso esperado ou crecemento escaso nos nenos).
- B) Perda de peso significativa debida á distorsión da imaxe corporal ou á preocupación pola imaxe corporal.
- C) Dependencia á alimentación enteral ou de suplementos nutritivos por vía oral.
- D) Interferencia importante no funcionamento psicosocial.

**32. Nos trastornos relacionados co consumo de substancias tóxicas, en que consiste a dependencia física?:**

- A) Nunha intensa sensación de insatisfacción por non poder consumir as substancias.
- B) Na acción de consumir as drogas producindo un estado de intoxicación con efecto psicoactivo.
- C) Nunha serie de cambios físicos e psíquicos que teñen lugar tras a administración da substancia.
- D) Nun estado de adaptación física manifestada por intensos trastornos físicos cando se interrompe a administración de drogas.

**33. En relación ao método abreviado de autohipnose de Betty Erickson, sinala a incorrecta:**

- A) É unha técnica sinxela de aplicar que se pode levar a cabo sen necesidade de audio ou segundas persoas.
- B) Vostede debe centrar a súa atención nos estímulos visuais do ambiente/imaxes mentais, sons e sensacións que está a percibir.
- C) Comeza con 3 estímulos visuais do medio, 3 sons e 3 sensacións, e remata con 2 imaxes mentais, 2 sons e 2 sensacións.
- D) Escolla un lugar axeitado onde non vaia ser molestado e estableza o tempo que quere dedicar a esta relaxación.

**34. Sinale a opción incorrecta entre as seguintes afirmacións:**

- A) Segundo a OMS, a sexualidade é un aspecto central do ser humano que está presente ao longo da súa vida. Abarca o sexo, as identidades e roles de xénero, a orientación sexual, o erotismo, o pracer, a intimidade e a reprodución.
- B) O ciclo de resposta sexual humana inclúe 6 fases: desexo, excitación, meseta, imaxinación, orgasmo e resolución.
- C) Aínda que a resposta sexual ten requisitos biolóxicos de base, habitualmente experimentase nun contexto intrapersoal, interpersoal e cultural.
- D) Segundo o DSM-5, as disfuncións sexuais son un grupo de trastornos heteroxéneos, tipicamente caracterizados por unha alteración clinicamente significativa da capacidade da persoa para responder sexualmente ou para experimentar pracer sexual.

**35. Sinale a resposta incorrecta en referencia aos síntomas psiquiátricos derivados do consumo de alcol segundo J. M. Granada López:**

- A) Alucinose alcólica.
- B) Celotipia.
- C) Trastornos do sono.
- D) Encefalopatía hepática.

**36. A psicoeducación refírese a:**

- A) Intervencións enfocadas a mellorar o coñecemento da enfermidade e as capacidades de afrontamento.
- B) Intervencións centradas na prevención de condutas violentas.
- C) Establecemento do vínculo terapéutico.
- D) Diálogo entre paciente e terapeuta.

**37. Unha característica do padrón é:**

- A) Elabórase o INE.
- B) É un documento municipal.
- C) Realízase cada 7 anos.
- D) Ten carácter privado.

**38. Sinale a resposta correcta entre as seguintes afirmacións relacionadas co estrés:**

- A) Segundo J. Fornés, as crenzas e os pensamentos, debido á capacidade de modulación que teñen, considéranse a fonte máis importante e mellor preditora do estrés.
- B) Segundo J. Fornés, a contorna física, a contorna sociocultural, a contorna laboral e as características da personalidade do individuo son variables ambientais do estrés.
- C) Existen diferentes estilos de afrontamento, desde a fuga ou a evitación (respostas activas), ata a implicación e/ou a confrontación total co problema (respostas pasivas).
- D) O distrés considérase estrés positivo e o eutrés considérase estrés negativo.

**39. Todos son programas de seguimento comunitario, excepto:**

- A) Modelo de axencia de servizos (broker case management).
- B) Modelo de competencias (strenghts model).
- C) Tratamento asertivo-comunitario (TAC).
- D) Modelo de coidados persoais (care model).

**40. O "sesgo" que consiste en trasladar a nivel individual conclusións obtidas a nivel poboacional, denomínase:**

- A) Falacia ecolóxica.
- B) "Sesgo" de Hawthorne.
- C) "Sesgo" de Berkson.
- D) "Sesgo" de Neyman.

**41. O consumo simultáneo de alcol e benzodiazepinas está contraindicado. Das seguintes afirmacións, sinala a incorrecta:**

- A) O consumo simultáneo de alcol e benzodiazepinas pode intensificar o efecto amnésico e contribuír a episodios de amnesia lacunar.
- B) As benzodiazepinas poden producir reaccións paradoxais de desinhibición de impulsos agresivos, que poden dar lugar a condutas impulsivas e violentas, especialmente cando o seu consumo está asociado ao alcol.
- C) As benzodiazepinas poden causar depresión respiratoria ao reducir a actividade dos músculos implicados. Poden empeorar a apnea obstrutiva do sono ou a hipoventilación. Os riscos aumentan se se combinan con outras drogas depresoras do sistema nervioso central ou con alcol.
- D) Debido a un fenómeno de tolerancia cruzada, os pacientes alcólicos teñen unha menor tolerancia ás benzodiazepinas.

**42. Cando na valoración de enfermaría dunha persoa que padece un trastorno mental, observamos que na familia hai unha "alta emoción expresada", atopamos:**

- A) Interaccións asertivas e expresión aberta de sentimentos.
- B) Comentarios críticos, hostilidade e sobreimplicación emocional.
- C) Actitudes de respecto e comprensión cara á enfermidade mental do familiar.
- D) Indiferencia afectiva cara o proceso de rehabilitación do familiar.

**43. Na valoración por patróns funcionais de Marjory Gordon, dentro do patrón autopercepción–autoconcepto, incluiremos a valoración de:**

- A) Afectividade.
- B) Alteracións da memoria.
- C) Rol que desempeña dentro da familia.
- D) Estratexias de adaptación empregadas.

**44. Segundo Leavell e Clark, un doente que esté enfermo sen clínica, atópase na fase da historia natural da enfermidade chamada:**

- A) Presintomática.
- B) Prepatoxénica.
- C) Resultado.
- D) Prodrómica.

**45. A primeira fase do proceso de Enfermaría Baseada na Evidencia consiste na formulación da pregunta clínica, habitualmente utilizamos o formato PICO. Cales son os seus compoñentes?. Sinala o correcto:**

- A) Pacientes, indicadores, comparación e obxectivos programados.
- B) Poboación, intervención, comparación e resultados.
- C) Problema exposto, intervención comparadora e obxectivo esperado.
- D) Ningún dos anteriores é correcto.

**46. Segundo a teoría do desenvolvemento cognitivo de Piaget, indique de que etapa é típico o fenómeno do egocentrismo:**

- A) Operacional formal.
- B) Operacional concreta.
- C) Preoperacional.
- D) Sensoriomotriz.

**47. En canto ás alucinacións hipnopómpicas, sinala a correcta:**

- A) Aparecen cando o suxeito pasa da vixilia ao sono profundo.
- B) Poden aparecer nos doentes con narcolepsia.
- C) Aparecen nos momentos previos ao despertar completo.
- D) a e b son correctas.

**48. Dificultade para establecer relacións sociais, tendencia ao illamento, ausencia de sentimentos cálidos e tenros, indiferenza á aprobación ou á crítica dos demais, afectividade plana, cal dos seguintes trastornos presentan estas características?:**

- A) Trastorno da personalidade paranoide.
- B) Trastorno da personalidade esquizoide.
- C) Trastorno da personalidade esquizotípico.
- D) Trastorno da personalidade antisocial.

**49. O modelo Sunrise de Madeleine Leininger consta de 4 niveis. Sinala cal dos seguintes é o correcto:**

- A) Nivel 1: Intenta proporcionar información acerca dos individuos, familias, grupos e institucións en diferentes sistemas de saúde.
- B) Nivel 2: Proporciona información acerca dos sistemas tradicionais e profesionais que actúan dentro dunha cultura.
- C) Nivel 3: Representa a visión do mundo e os sistemas sociais.
- D) Nivel 4: Determina o nivel das accións e decisións dos coidados enfermeiros.

**50. Sinala a afirmación incorrecta con respecto ao protocolo a ter en conta para a determinación de litemia:**

- A) Os niveis terapéuticos sitúanse entre 0,6 e 1,2 mEq/l.
- B) Teñen que pasar 8 horas dende que o paciente toma a medicación a noite anterior.
- C) Poden almorzar, só é necesario xaxún se se pediron análises complementarias.
- D) Para que a litemia sexa fiable asegurarse que polo menos 5 días antes non houbo cambio nin esquecemento de dose.

**51. Considéranse filosofías de enfermaría os traballos desenvolvidos polas seguintes autoras, excepto:**

- A) H. Peplau.
- B) V. Henderson.
- C) F. Nightingale.
- D) J. Watson.

**52. As disfuncións sexuais segundo o DSM-5 caracterízanse por:**

- A) A disfunción sexual inducida por substancias/medicamentos é unha alteración da función sexual que ten unha relación temporal co inicio, co aumento da dose ou retirada dunha substancia/medicamento.
- B) A intoxicación por alcol, opiáceos, sedantes, hipnóticos ou ansiolíticos non ten relación coas disfuncións sexuais.
- C) A abstinencia por alcol, opiáceos, sedantes, hipnóticos ou ansiolíticos non ten relación coas disfuncións sexuais.
- D) Os únicos medicamentos que poden inducir disfuncións sexuais son os antidepressivos, os antipsicóticos e os anticonceptivos hormonais.

**53. En referencia aos grupos de axuda mutua (GAM), sinala a resposta correcta:**

- A) Están baseados na verticalidade das relacións.
- B) As persoas comparten unha experiencia en común e/ou unha mesma necesidade.
- C) Han de estar formados por máis de 25 membros.
- D) Deben estar guiados por un profesional da saúde.

**54. Dos seguintes tipos de estudos, cal deles ten maior evidencia científica?:**

- A) Estudos de casos e controis.
- B) Estudos de cohortes.
- C) Estudos descritivos.
- D) Ensaio Controlado Aleatorizado.

**55. O rol de asesoramento na Teoría das Relacións Interpersoais de H. Peplau fai referencia a:**

- A) Axudar á persoa para entender o que lle está ocorrendo.
- B) Ofrecer respostas concretas a preguntas do paciente.
- C) O paciente abandona vellos obxectivos e traza novas metas.
- D) O/A enfermero/a explica á persoa o tratamento farmacolóxico.

56. A Antonio acábanlle de diagnosticar un cancro de pulmón con metástase. O seu discurso céntrase en expresar culpabilidade polo hábito que puido levarlle a padecer a enfermidade e tenta que lle digamos que se cambia agora de forma de vida, poderá demorar ou mesmo mellorar a progresión da devandita enfermidade e as súas consecuencias. En que fase do dó de Kübler–Ross se atoparía?:

- A) Negación.
- B) Ira.
- C) Negociación.
- D) Aceptación.

57. María, tras a súa alta da unidade de psiquiatría, é derivada á enfermeira da Unidade de Saúde Mental para seguir resolvendo o diagnóstico de "Manexo inefectivo do réxime terapéutico". Cal das seguintes establecería como resultado NOC no seu plan de cuidados?

- A) Conduta de cumprimento.
- B) Identificación de riscos.
- C) Apoio na toma de decisións.
- D) Modificación da conduta (ou acordos coa doente).

58. Como enfermeiro/a de saúde mental, a visita domiciliaria integral forma parte das súas funcións. Cal destes enunciados non se considera unha vantaxe da visita domiciliaria?

- A) Achega seguridade ao paciente.
- B) Supón unha maior esixencia para o profesional.
- C) Apoio á familia.
- D) Diminución do gasto sanitario.

59. Ana, muller en idade fértil, ten prescrito un tratamento farmacolóxico polo que debe cubrir un formulario anual de coñecemento do risco no embarazo. Cal dos seguintes fármacos ten prescrito Ana?

- A) Carbamacepina.
- B) Clozapina.
- C) Litio.
- D) Valproato.

60. Hoxe ten cita en consulta Diego. Chega tarde e non quere esperar a pesar de estar ocupada. Argumenta: "Son unha persoa moi especial, teño dereito a un trato mellor, é intolerable que non se me teña o debido respecto". Alguén que pensa que ninguén ten ningún dereito para realizar críticas cara a súa persoa, que todos teñen que satisfacer as súas necesidades e que se os demais non mostran respecto deben ser castigados, é moi posible que presente rasgos do trastorno da personalidade:

- A) Antisocial.
- B) Límite.
- C) Narcisista.
- D) Histriónico.

61. Cándido é un home de 47 anos, que acaba de chegar á sala de espera das consultas hospitalarias, a enfermeira especialista en saúde mental, observa que non para de camiñar dun lado a outro da sala e cando intenta iniciar algún tipo de comunicación con el, detense bruscamente e fixa a mirada de forma intensa cara o seu interlocutor. A enfermeira repara que ten unha midríase marcada nas pupilas e os puños pechados. Cal das seguintes pautas de intervención é incorrecta?

- A) Colocarse fóra do espazo persoal de Cándido.
- B) Non hai que buscar a confrontación, senón alianzas sinxelas.
- C) Evitar os xestos bruscos.
- D) Non se debe dirixir a mirada de forma directa e continuada cara ao paciente, mellor evitar a mirada en todo momento.

62. Ramón é consumidor de cocaína. Na entrevista motivacional expresa sentirse capaz de poñer data de fin ao consumo. Empeza a considerar pequenas metas como evitar lugares onde consome habitualmente, con todo, aínda non está disposto a investir moita enerxía neso. Segundo o modelo transteórico de Prochaska e DiClemente, en que estadio do cambio se atopa?

- A) Mantemento.
- B) Acción.
- C) Contemplación.
- D) Preparación.

63. Jorge é un paciente con ludopatía. Para comprender mellor este trastorno, é importante saber que Custer identifica tres fases no proceso, a través do cal, a persoa pasa de xogador social a converterse en xogador patolóxico. Sinale a falsa:

- A) Fase de ganancias.
- B) Fase de gratificación.
- C) Fase de perdas.
- D) Fase de desesperación.

64. Xabier é un paciente do Hospital de Día con trastorno mental grave. Segundo os criterios de Liberman e Kopelik (2004), poderemos considerar a súa recuperación cando se cumpran as seguintes condicións excepto:

- A) Desaparición de signos e síntomas da súa enfermidade.
- B) Funcionamento ocupacional, polo menos media xornada ocupada nun sector competitivo durante dous anos.
- C) Vida independente sen supervisión diaria.
- D) Mantemento espontáneo de relacións sociais.

65. Salvador está a ser tratado con fenelzina (IMAO), que alimento lle recomendarías tomar?

- A) Queixo curado.
- B) Soia.
- C) Arroz.
- D) Fabas.

**66. Para explorar o autoconcepto e mellorar a comunicación durante unha terapia de grupo no Hospital de Día, vostede decide utilizar como ferramenta a xanela de Johari. Cal das seguintes áreas non pertence a esta dinámica?**

- A) O meu eu público.
- B) O meu eu exterior.
- C) O meu eu privado.
- D) O meu eu descoñecido.

**67. Patricia ten dependencia a opiáceos e acode para ingreso hospitalario programado para desintoxicación ultra curta. Cal dos seguintes criterios non é de inclusión, segundo o Plan Galego sobre drogas?**

- A) Doente altamente motivada, colaboradora e con apoio sociofamiliar adecuado.
- B) Consumo de opiáceos maior de 1 gramo ao día.
- C) Fracasos repetidos na desintoxicación ambulatoria.
- D) Suxeitos enmarcados no concepto de abusador de opiáceos ou "ciclodependente".

**68. Desenvolveuse e aplicouse un novo programa para a prevención do estrés en persoal sanitario. Cando se analizan os custos e a aplicación do devandito programa, falamos de:**

- A) Análise custo–efectividade.
- B) Análise custo–utilidade.
- C) Análise custo–beneficio.
- D) Análise custo–minimización.

**69. Dispónse a preparar a un doente que está programado para TEC dende a unidade de hospitalización. Segundo o protocolo que consta no Consenso Español sobre TEC, cal das seguintes intervencións é incorrecta?**

- A) Control e rexistro ponderal semanal.
- B) Retirada de xoias e próteses.
- C) Garantir o xaxún, 8 horas para sólidos e 1 hora para líquidos claros.
- D) Valorar e abordar o estado do doente antes da realización do tratamento.

**70. ¿Que recomendación das seguintes non lle daría a un doente con insomnio?**

- A) Facer exercicio a horas regulares do día, pero non 1 hora antes de durmir.
- B) Se non pode conciliar o sono despois de 20–30 minutos, érgase da cama e faga unha actividade tranquila como ler ou escoitar música.
- C) Reduza o consumo de chocolate ou cacao as últimas horas do día.
- D) Se fuma e normalmente ten problemas para durmir, non o faga durante polo menos 1 hora antes de ir á cama.

**71. O persoal de enfermaría especialista en saúde mental está a ensinar a respiración controlada a Miguel, paciente con problemas de ansiedade. Das seguintes indicacións, sinala a incorrecta:**

- A) Na respiración completa, ao inspirar diriximos primeiro o aire cara á zona clavicular, despois cara á zona torácica e finalmente cara á zona abdominal.
- B) A entrada de aire polo nariz é preferible que pola boca.
- C) A persoa nunca debe ter a sensación de que está esaxerando ou forzando as respiracións. Deben percibirse cómodas.
- D) A vertixe pode ser un dos síntomas indicadores de que os exercicios se están a realizar con demasiada profundidade ou rapidez.

**72. Na rede sanitaria de saúde mental da Comunidade Autónoma de Galicia, cal destes dispositivos non ten a consideración de dispositivo básico?**

- A) A Unidade de Saúde Mental.
- B) As Unidades específicas.
- C) O Hospital de Día.
- D) As Unidades Hospitalarias de Rehabilitación Psiquiátrica.

**73. Brais é un adolescente de 14 anos que acudirá por primeira vez a unha cita co personal de enfermaría especialista en saúde mental da Unidade Infanto–Xuvenil de Psiquiatría. Segundo a Guía de Práctica Clínica de Prevención e Tratamento da Conduta Suicida do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, sinala a opción incorrecta:**

- A) Algúns dos factores de risco que máis se asociaron á conduta suicida na infancia e na adolescencia son: impulsividade, abuso de substancias, maltrato físico, abuso sexual, acoso escolar e a dificultade na solución de problemas.
- B) A valoración do risco suicida na infancia e na adolescencia require unha ampla avaliación psicopatolóxica e social. Esta avaliación debe ampliarse ás persoas próximas (pais ou profesores), pola necesidade de contextualizar e porque a información achegada polos menores en ocasións non coincide coa dos adultos.
- C) Algúns factores protectores asociados a unha redución do risco de suicidio na adolescencia son: alta cohesión familiar e baixo nivel de conflitos, habilidades para resolver problemas e estratexias de afrontamento, locus de control externo.
- D) Algúns factores de risco que poden preceder a conduta suicida en adolescentes e actuar como factores precipitantes son: os conflitos familiares e as dificultades escolares.

**74. Cal das seguintes relacións é falsa en canto ás variables e a súa clasificación?**

- A) Duración de intervención cirúrxica: variable cuantitativa continua.
- B) Sexo: variable cualitativa nominal.
- C) Temperatura: variable cuantitativa discreta.
- D) Postos dun concurso: variable cualitativa ordinal.

**75. Gloria, enfermeira especialista en saúde mental, recibe na consulta a unha paciente con ideas suicidas. Para facer a exploración das ideas autolíticas, séralle de gran axuda coñecer algúns dos modelos teóricos explicativos da conduta suicida. Sinala que afirmación é correcta:**

- A) A Teoría Interpersonal de Joiner e o Modelo Integrado Motivacional–Volitivo (IMV) de O'Connor son modelos tradicionais nos que non se separan ideación de acción.
- B) Durkheim falaba do suicidio como resposta a unha dor abafadora (psychache).
- C) A Teoría dos 3 pasos (3ST) de Klonsky e May pertence aos modelos explicativos de ideación–acción.
- D) No modelo Diátese–Estrés do suicidio, unha intoxicación aguda por substancias sería a diátese e a impulsividade o estrés.

**76. María, paciente diagnosticada de trastorno bipolar, recibe a alta da Unidade de Hospitalización de Psiquiatría. Durante o ingreso, prescribíuselle litio por primeira vez. Das seguintes recomendacións que debe vostede facerlle á alta, sinala a incorrecta:**

- A) Si esquece tomar algún comprimido, deberá tomalo se o lembra en menos de 5 horas.
- B) María deberá vixiar signos de alerta como diarrea persistente, vómitos e náuseas, fala farfallante...
- C) No caso de necesitar un analxésico, non deberá tomar ibuprofeno.
- D) Deberá inxerir a cantidade de sal habitual, non é necesario variar a cantidade.

**77. Vostede forma parte do equipo de Hospitalización a Domicilio (HADO) de saúde mental. Sinala a afirmación falsa en relación a este dispositivo:**

- A) Está enfocado a proporcionar no domicilio cuidados similares aos dispensados no hospital a través dun seguimento intensivo protocolizado.
- B) Entre os seus obxectivos están evitar ingresos hospitalarios e favorecer altas temperás.
- C) O tempo de seguimento é ilimitado.
- D) Debe ter función de soporte sobre os equipos de USM e AP.

**78. Un doente inmigrante rexeita a súa cultura de orixe e adáptase completamente á cultura anfitrioa. Este proceso adaptativo coñécese como:**

- A) Asimilación.
- B) Integración.
- C) Separación.
- D) Multiculturalidade.

**79. Ana ten 45 anos. En trámites de separación dende hai 1 ano e falecemento da súa nai hai 9 meses. Dende hai 1 mes presenta ánimo deprimido a maior parte do día, anhedonia, perda marcada de peso. Cústalle concentrarse no seu traballo e séntese moi cansada. Presenta espertar precoz. Sinala a correcta en canto ao seu diagnóstico:**

- A) Trastorno adaptativo tipo depresivo.
- B) Trastorno depresivo persistente.
- C) Distimia.
- D) Depresión maior.

**80. O personal de enfermaría especialista en saúde mental da Unidade de Rehabilitación acaba de presenciar un evento sentinela. Seguindo a Guía de Recomendacións para a Xestión de Eventos Sentinela e Eventos Adversos Graves nos Centros Sanitarios do Sistema Público de Galicia e Atención ás Segundas e Terceiras Víctimas, cal das seguintes accións inmediatas sería a correcta?**

- A) Articular a comunicación interna.
- B) Borrarr probas.
- C) Non dar soporte ao persoal implicado.
- D) Convocar ao Núcleo de Seguridade e Xestión de Riscos e formar un Equipo de Xestión do Evento.

**81. Deriváronnos un neno a consulta. Realizando a valoración vemos que presenta unhas determinadas características que se corresponden co criterio DSM-5: Un patrón repetitivo e persistente de comportamento no que non se respectan os dereitos básicos doutros, as normas ou regras sociais propias da idade, o que se manifesta pola presenza nos doce últimos meses de polo menos tres de quince criterios (un nos últimos seis meses), relacionados cos ámbitos: incumprimento grave das normas, agresión a persoas e animais, destrución da propiedade, engano ou roubo, incumprimento grave das normas. Segundo o DSM-5 refírese a:**

- A) Trastorno negativista desafiante.
- B) Trastorno de conduta.
- C) Trastorno antisocial.
- D) Trastorno de personalidade límite.

**82. Vostede aplica a un paciente do seu dispositivo o "Cuestionario Apgar Familiar". Que utilidade ten o dito cuestionario?**

- A) Coñecer a forma en que unha persoa percibe o funcionamento da súa familia.
- B) Coñecer a posible sobrecarga no/na cuidador/a de persoas dependentes.
- C) Valorar o nivel de dependencia para as actividades básicas da vida diaria.
- D) Este cuestionario non está validado.

**83. Cal das seguintes é unha base de datos bibliográfica da Fundación Index que inclúe a produción científica da enfermaría española e iberoamericana?**

- A) CINHALL.
- B) DIALNET.
- C) MEDLINE.
- D) CUIDEN.

**84. María ten un diagnóstico de anorexia nerviosa. É levada a urxencias por un episodio de mareo, ten un peso de 45 kg e mide 165 cm (IMC 16,5). Segundo os criterios da OMS, tendo en conta o IMC estaríamos ante un nivel de severidade:**

- A) Leve.
- B) Grave.
- C) Extremo.
- D) Moderado.

**85. Carmen trasladouse a vivir á casa da súa irmá, dende hai tempo non pode valerse por si mesma e necesita axuda e supervisión externa dun familiar. A súa irmá ofreceuse para levar a cabo esta tarefa e na actualidade ambas conviven. Carmen cambiou de cidade, de veciñanza e de casa, ademais de ter que integrarse na nova vivenda en convivencia cando estaba acostumada a vivir soa dende hai máis de 10 anos. Segundo o modelo de adaptación de C. Roy, a persoa é un ser biopsicosocial en constante interacción co medio. Cales son os catro modos adaptativos da teoría de C. Roy?**

- A) Modo biolóxico de adaptación, modo de adaptación de necesidades fundamentais, modo de adaptación de cambio de rol, modo de adaptación da dependencia.
- B) Modo fisiolóxico de adaptación, modo de adaptación do autoconcepto e da identidade do grupo, modo de adaptación do desempeño do rol, modo de adaptación da interdependencia.
- C) Modo de adaptación do autocoidado, modo de adaptación do coidado dependente, modo de adaptación das necesidades, modo de adaptación dos sistemas.
- D) Modo de adaptación dos sistemas abertos, modo de adaptación dos campos enerxéticos, modo de adaptación de patróns, modo de adaptación tetradimensional.

**86. A supervisora da Unidade de Psiquiatría está a organizar os recursos materiais, os recursos humanos e os protocolos do servizo para solicitar unha acreditación do centro. Que tipo de análise se tería que levar a cabo por parte do organismo responsable?**

- A) Análise do proceso, actividades que se realizan e como se realizan.
- B) Análise da estrutura, medición indirecta da calidade.
- C) Análise dos resultados, grao de consecución dos obxectivos.
- D) Ningunha das anteriores.

**87. Andrés é un home de 61 anos, que acaba de ingresar na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica. A enfermeira especialista en saúde mental acode á súa habitación para facer a avaliación de enfermaría. Andrés ten un importante consumo nocivo de alcol, no momento do ingreso non hai síntomas nin signos que indiquen un consumo recente, pero él mesmo recoñece que adoita tomar uns 5 vasos de xenebra ao día e unha botella de viño. Tras rematar a entrevista, a enfermeira de saúde mental prepárase para realizar o plan de coidados segundo a Clasificación NANDA 2021–2023 de diagnósticos de enfermaría. Sinale a opción incorrecta:**

- A) Dado que Andrés perdeu peso porque a súa alimentación é deficiente por priorizar o consumo de alcol fronte a inxesta de alimentos, asígnaselle o diagnóstico de enfermaría "Desequilibrio nutricional: inferior ás necesidades corporais".
- B) Andrés infórmanos que dorme poucas horas e o sono non é reparador. Debido a súa incapacidade para iniciar ou manter o sono que perxudica o seu funcionamento, a enfermeira de saúde mental inclúe o diagnóstico "Insomnio" no plan de coidados.
- C) Andrés séntese culpable polo seu consumo excesivo de alcol, gustaríalle facer algo ao respecto, pero non confía en si mesmo para levar a cabo un cambio significativo na súa vida. A enfermeira asignaralle un diagnóstico para o dominio 6 (Autopercepción).
- D) Andrés ten problemas coa súa familia dende hai tempo, o seu consumo de alcol lévano a frecuentes discusións coa súa muller e os seus fillos. Asígnaselle o diagnóstico de enfermaría "Procesos familiares disfuncionais" do dominio 8 (Rol/relacións).

**88. A contratransferencia pode influír na relación terapéutica que establecemos cos pacientes no noso labor asistencial. O termo contratransferencia fai referencia a:**

- A) Os sentimentos e reaccións inconscientes, tanto do paciente como da enfermeira, cando estes son negativos.
- B) Os sentimentos e reaccións, positivas e/ou negativas, que a enfermeira pode experimentar cara o paciente.
- C) Os sentimentos e reaccións negativas que o paciente pode experimentar cara a enfermeira.
- D) Unha resposta inconsciente do paciente determinada polos sentimentos que lle xera a enfermeira.

**89. Unha das escalas para valorar a independencia para as Actividades da Vida Diaria é o índice de Katz. Vostede utilízaa cun doente e obtén un resultado de 5 puntos. O grao de dependencia será:**

- A) Ausencia de incapacidade.
- B) Incapacidade leve.
- C) Incapacidade moderada.
- D) Incapacidade severa.

**90. Juan padece un trastorno mental grave, presenta desestabilización da súa enfermidade, non sendo capaz de decidir por si mesmo sobre o seu tratamento. Vai ser internado de forma involuntaria na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica con obxecto de tratar o seu trastorno, xa que a ausencia de tratamento conleva risco de ser gravemente prexudicial para a súa saúde. Sinale a incorrecta:**

- A) Requirirá autorización xudicial que será solicitada do tribunal do lugar onde resida a persoa afectada polo internamento.
- B) Non require autorización xudicial, xa que a súa irmá, que é a súa titora legal, autorízao.
- C) A autorización será previa ao devandito internamento, salvo que por razóns de urxencia fose necesaria a adopción da medida.
- D) En caso de urxencia, o responsable do centro onde se produce o internamento deberá informar ao tribunal competente canto antes e en todo caso dentro do prazo de 24 horas.

91. Gustavo, varón de 41 anos, ten serias dificultades para controlar a ira, o que lle levou a ter algúns problemas coa xustiza. Dende que se apuntou a un ximnasio para facer deporte e mesmo adestrar artes marciais 2 días á semana, séntese moito máis tranquilo, xa non se irrita tanto nas situacións que antes si o facía, e a súa agresividade diminuíu notablemente. Que mecanismo de defensa do ego serve para recanalizar impulsos ou comportamentos socialmente intolerables cara a actividades que se consideran aceptables?

- A) Restitución.
- B) Reacción-formación.
- C) Proxección.
- D) Sublimación.

92. Cando escollemos unha mostra aleatoria de individuos dunha poboación e estudamos cantos deles presentan un diagnóstico de depresión, estamos a coñecer:

- A) O risco de enfermarse na poboación.
- B) A prevalencia de depresión.
- C) A densidade de incidencia de depresión.
- D) A incidencia de depresión.

93. Se vostede calcula a diferenza entre os nacementos e as defuncións na súa Área Sanitaria, está vostede calculando:

- A) O crecemento vexetativo.
- B) Un axuste de taxas.
- C) O índice de Friz.
- D) O índice de Quick.

94. Manuel está diagnosticado de esquizofrenia. Presenta unha alteración da afectividade denominada paratimia que se caracteriza por:

- A) O suxeito permanece encerrado en si mesmo.
- B) A afectividade non se axusta á vivencia do momento.
- C) Incapacidade para experimentar ningunha emoción.
- D) Perda de capacidade de resposta afectiva.

95. Estefanía acode á súa terapia de grupo e explícalle na consulta que grazas ao grupo decatouse de que non está completamente soa cos seus problemas. Esta toma de conciencia representa un dos compoñentes esenciais da terapia de grupo, denominado:

- A) Altruísmo.
- B) Catarse.
- C) Transferencia.
- D) Universalidade.

96. Enrique, paciente de 70 anos da súa Unidade de Saúde Mental, obtivo un GDS 2 na Escala de Deterioración Global de Reisberg. Cantos estadios ten esta escala?

- A) 4.
- B) 5.
- C) 7.
- D) 8.

**97. Como profesionais de saúde mental sabemos que a síndrome amotivacional é producida polo consumo crónico de:**

- A) Cocaína.
- B) Tabaco.
- C) Cannabis.
- D) Heroína.

**98. Ofrecéronlle un contrato como Enfermeira Especialista de Saúde Mental nunha unidade de hospitalización psiquiátrica a domicilio. Dentro dos beneficios da hospitalización psiquiátrica domiciliaria non se encontra:**

- A) Permite evitar a ruptura de lazos familiares.
- B) Permite detectar factores de índole socio-familiar que interferen no proceso de devolución do individuo ao seu patrón saudable.
- C) Permite educar á familia para que se convirta no terapeuta do paciente pouco a pouco.
- D) Permite diminuír a perda de habilidades sociais.

**99. No comedor da súa unidade de hospitalización un doente sofre un atragoamento. Debe realizar a manobra de Heimlich, xa que o doente non consegue tусir. ¿Como debe facer a dita manobra?**

- A) Compresión abdominal por baixo do embigo.
- B) Compresión torácica no extremo distal do apéndice xifoides.
- C) Compresión abdominal subdiafragmática.
- D) Compresión torácica en zona intercostal esquerda.

**100. A enfermeira especialista en saúde mental que está na quenda de noite, atópase involucrada nunha urxencia psiquiátrica. Ao chegar ao cuarto de Carlos, paciente ingresado por ideación suicida, sorpréndeo poucos segundos antes de poñer en marcha un intento de suicidio. Carlos aínda está fisicamente ileso, pero a súa determinación de continuar co intento de suicidio parece fóra de dúbida. Sinale a resposta correcta:**

- A) A enfermeira de saúde mental debe estar dispoñible para investir o tempo que sexa necesario no manexo da urxencia psiquiátrica.
- B) A enfermeira de saúde mental debe realizar unha contención do impulso suicida, empregando unha voz tranquila, amigable e segura.
- C) Un dos principais obxectivos sería gañar tempo, atrasar a decisión, impulsar a expresión de ideas e sentimentos.
- D) Todas son correctas.

**101. O persoal de enfermaría da Unidade de Saúde Mental realizou unha valoración de enfermaría a Borja, paciente a tratamento con antidepressivos e ansiolíticos, diagnosticado de trastorno adaptativo. No patrón 9, sexualidade/reproducción, unha das respostas de Borja fai sospeitar ao persoal de enfermaría que deberían realizar unha exploración máis profunda deste tema. O persoal de enfermaría pódelle axudar a afrontar os cambios ou alteracións sexuais que estea experimentando neste momento. Que modelo ten como obxectivo axudar á enfermaría na abordaxe de cuestións relacionadas coa sexualidade?**

- A) Modelo PLISSIT.
- B) Modelo PSILT.
- C) Modelo PTILS.
- D) Modelo PILST.

**102. Non é un postulado da Teoría Humanista de Carl Rogers:**

- A) Utiliza o termo "cliente" para enfatizar a relación de igual a igual co terapeuta.
- B) Un elemento clave é a "autoconfianza".
- C) Opta por centrarse na persoa e non no problema.
- D) A superación da "inferioridade" acádase a partir da "compensación".

**103. Vai informar ao esposo de Lucía, señora de 75 anos, sobre os cambios esperados que observará nela a consecuencia da enfermidade de Párkinson que padece. Falaralle de:**

- A) Incapacidade para nomear os obxectos, afasia e alexia.
- B) Rostro inexpresivo, micrografía e dificultades fonatorias.
- C) Pérdida de forza, parestesia e alteracións visuais.
- D) Debilidade dun membro, tremor durante o sono e dificultade para tragar.

**104. María, de 57 anos, acode á consulta de enfermaría da Unidade de Saúde Mental. Na valoración detéctanse dificultades na toma do tratamento, xa que María esquecese con frecuencia tomar algúns medicamentos. Di que se distrae por estar moi ocupada co traballo, viaxa moito e cambia de horario con frecuencia. A enfermeira infórmalle que existe unha aplicación móbil gratuíta do Servizo Galego de Saúde que funciona como auxiliar de xestión persoal da medicación. Entre outras funcións, esa aplicación permítelle: Acceso actualizado aos tratamentos prescritos polos profesionais do SERGAS, xeración de recordatorios para a toma de medicamentos prescritos polos profesionais sanitarios dentro e fóra do SERGAS así como a busca de medicamentos e prospectos. A que aplicación se refire a enfermeira de saúde mental?**

- A) RecuerdaMed.
- B) CALÓ.
- C) CALENDIA.
- D) CALENDULA.

**105. En referencia á Educación para a Saúde, o modelo que considera que as decisións adoptadas polos usuarios en relación coas pautas preventivas ou terapéuticas recomendadas gardan unha estreita relación coas crenzas e valores que el mesmo ten sobre a saúde, refírese ao modelo de:**

- A) Reforzador de condutas.
- B) Aprendizaxe do comportamento.
- C) Crenza de saúde.
- D) PRECEDE.

Preguntas de reserva

**106. Se o facultativo considera que, nun caso de consentimento por representación outorgado polo representante legal ou as persoas vinculadas ao paciente, a decisión é contraria ao interese do representado... (elixa a correcta):**

- A) Actuará en contra do criterio de quen o decidise.
- B) Poñerá en coñecemento da autoridade xudicial antes de adoptar calquera medida.
- C) Poñerá en coñecemento da autoridade xudicial, salvo en caso de urxencia, situación na que adoptará as medidas necesarias para a salvagarda do interesado, mesmo sen decisión xudicial.
- D) Levará a cabo as medidas necesarias para cumprir coa vontade de quen decidise e posteriormente, poñerá en coñecemento da fiscalía.

**107. Braulio, de 79 anos, leva uns meses con pouca enerxía, canso e baixo de ánimo. Cada vez cóstalle máis vestirse, ducharse, facer a comida e saír a rúa. Segundo a teoría do autocoidado de D. Orem, existen tres requisitos de autocoidado. Sinale a opción correcta:**

- A) Requisitos de autocoidado universais, requisitos de autocoidado propios do desenvolvemento, requisitos de autocoidado derivados das desviacións da saúde.
- B) Requisitos de autocoidado de compensación total, requisitos de autocoidado de compensación parcial, requisitos de autocoidado de apoio educativo.
- C) Requisitos de autocoidado da persoa, requisitos de autocoidado do ambiente, requisitos de autocoidado da saúde.
- D) Requisitos de autocoidado orixinais, requisitos de autocoidado da identidade, requisitos de autocoidado sociais.

**108. Teresa é paciente do Equipo de Tratamento Asertivo-Comunitario, cal destas opcións non é un elemento central deste dispositivo?**

- A) A atención é integral, flexible e individualizada.
- B) Metodoloxía proactiva, detectando as necesidades da persoa e buscando solucións no seu contorno.
- C) O xestor de casos asume individualmente a avaliación das necesidades e a coordinación das actuacións.
- D) Enfoque centrado na recuperación e na dotación de recursos.

**109. Natalia, unha moza de 27 anos, chega ao servizo de urxencias do hospital e o persoal de enfermaría de triaxe colócaa no nivel 3 (amarelo) do Sistema de Triaxe Manchester. A razón pola que acode a urxencias é porque ten pensamentos de suicidio e está diagnosticada de depresión maior polo seu psiquiatra habitual. Despois de 35 minutos de espera, é a quenda de Natalia. Sinale a opción correcta:**

- A) A avaliación deberá realizarse nun ambiente de privacidade, confidencialidade e respecto. Debe haber unha soa porta e mellor que se poida pechar dende o interior.
- B) Calquera persoa que fale de suicidio non sempre debe ser tomado en serio. Certos pacientes, para obter algún beneficio, aducen ideas de suicidio ou ameazan directamente con suicidarse se non se fai o que piden.
- C) Os antidepressivos tricíclicos e os inhibidores da monoaminoxidasa (IMAOs) poden ser letais en sobredose, o que limitaría o seu uso para Natalia.
- D) Segundo a Guía de práctica clínica para a prevención e o tratamento da conduta suicida do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, o Consenso español sobre a TEC considera como síndromes depresivas con indicación primaria de TEC, aqueles episodios depresivos leves, cando existe inhibición moderada, baixo risco de suicidio ou ansiedade/axitación.

**110. Susana acaba de ser dada de alta con diagnóstico de Trastorno Bipolar e inicia tratamento con litio. Cal das seguintes recomendacións non fará constar no seu informe da alta de enfermaría con respecto ao dito fármaco?**

- A) Os síntomas de alarma dunha posible intoxicación por litio poden ser diarrea, vómitos, debilidade xeneralizada, disartria e tremor entre outros.
- B) Consuma a cantidade habitual de sal, non é necesario aumentala nin diminuíla.
- C) O uso concomitante con metronidazol pode diminuír as concentracións séricas de litio.
- D) A cafeína fai perder auga e pode aumentar o tremor.

